



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

ANUNCIO DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DO ANO 2026 DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE CEMITERIO MUNICIPAL E POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS DESDE A VÍA PÚBLICA AOS EDIFICIOS, LOCAIS E SOLARES E DAS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA, DESCARGA E OUTRAS ACTIVIDADES EN INTERESE PARTICULAR.

Pola presente faise saber que por resolución nº 697/2026 de data 23/04/2026 do Concelleiro Delegado de Economía e Facenda foron aprobados os padróns fiscais polos servizos de cemiterio municipal e pola entrada de vehículos desde a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcamento, carga, descarga e outras actividades en interese particular, correspondentes ao ano 2026.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Establécese un período de exposición pública de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da presente publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente na Tesourería Municipal e interpoñer, no seu caso, os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.
- Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución se esta é expresa ou no prazo de seis meses dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Betanzos, na data da sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A Alcaldesa
María Barral Varela